

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS NO COMPLEXO LÚDICO DEPORTIVO DE MONTERREI, NO PEREIRO DE AGUIAR

Ourense, 05/12/2024

REUNIDOS

Don Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, en virtude do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se lle nomea conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Don Luis Menor Pérez, presidente da Deputación de Ourense, ao abeiro do disposto no artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no artigo 105.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

As partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base aos principios de cooperación, colaboración, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións públicas.

Actuando todos eles coas facultades que os seus respectivos cargos e habilitacións lles confiren,

MANIFESTAN

I.- A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.22, sinala a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do deporte.

II.- O artigo 6 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece que para o mellor exercicio das súas competencias, a Administración autonómica poderá subscribir convenios de colaboración coas demais administracións públicas e entidades públicas e privadas vinculadas á actividade deportiva.

III.- O Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, atribúe á Secretaría Xeral para o Deporte, entre outras competencias e funcións e baixo a superior dirección da persoa titular da consellería, o deseño, a programación, o desenvolvemento e a execución da política deportiva de Galicia, así como o estudo e a planificación das liñas de actuación no ámbito das infraestruturas deportivas.

IV.- No marco da lexislación básica de réxime local, establecida pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establece a competencia xenérica dos concellos en, entre outros ámbitos, as actividades e instalacións deportivas (artigo 80.2 letra n), sinalando que é competencia propia da Deputación Provincial, entre outras, "coordinar os servizos municipais entre si para garantir a prestación integral e adecuada de servizos públicos en todo o territorio da provincia ..." (artigo 109.1 letra a).

V.- En desenvolvemento destas previsións, a Deputación Provincial de Ourense e a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, subscribiron o 6 de xullo de 2021 un protocolo xeral de actuación para a mellora da dotación de infraestruturas deportivas na provincia de Ourense.

Segundo o establecido na súa cláusula primeira, o protocolo tiña por obxecto a realización *"de proxectos e actividades relacionadas coas instalacións e dotacións deportivas que xurdan ao seu amparo. A intención das partes é que os proxectos que se executen se financien ao 50%, financiamento que se concretará nos convenios que se asinen."* A mesma cláusula establece tamén que *"o campo de colaboración poderá concretarse en calquera actividade relacionada cos fins deportivos de ambas Administracións, nomeadamente no desenvolvemento e execución do Complexo deportivo e acuático de Monterrei no concello de Pereiro de Aguiar, e do Campo de regatas e ampliación do club náutico no concello de Castrelo de Miño"*.

No **Complexo Lúdico-deportivo de Monterrei** intégranse dúas zonas diferenciadas pero complementarias: a zona deportiva que xa está executada e onde se localizan unha pista polideportiva, pistas de tenis, padel, circuito de cross e pista de pump track e a zona acuática para a que se elaborou un estudo de viabilidade que serviu de base para a contratación da redacción do proxecto.

Estas actuacións e a redacción do proxecto do parque acuático xa foron contratadas e financiadas na súa totalidade pola Secretaría Xeral para o Deporte por un importe de 1.202.927,05 € (1.009.932,05€ +192.995,00€ Zona Deportiva e Proxecto parque). Deste importe a Deputación debería ter financiado o 50% (601.463,53€).

O desenvolvemento das obras da zona acuática estaba previsto en catro fases independentes, das cales a primeira delas xa está executada:

Fase I: execución do edificio principal de servizos e acceso; unha zona acuática infantil; unha zona de tobogáns e piscinas, edificios de servizos. Importes:

- Primeira licitación(obra + honorarios): **1.358.567,23 €**
- Segunda licitación:



Contrato	Importe adxudicación	Liquidación prevista (10%)	Total
Obra	5.676.246,97 €	567.624,70 €	6.243.871,67 €
Dirección de obra	70.180,00 €	7.018,00 €	77.198,00 €
Dirección de execución da obra	69.918,64 €	6.991,86 €	76.910,50 €
Coordinación de Seguridade e Saúde	36.082,20 €	3.608,22 €	39.690,42 €
Total	5.852.427,81 €	585.242,78 €	6.437.670,59 €

Total Fase I: **7.796.237,82 €**

Esta primeira fase foi financiada na súa totalidade pola Secretaria Xeral para o Deporte. O protocolo de 6 de xullo de 2021 establecía a cofinanciación das actuacións ao 50% entre as partes.

As obras das fases II-III-IV están pendentes de executar e o seu custo total está previsto que ascenda , segundo o proxecto básico e de execución, a **3.583.991,12€**.

En base ao anterior, as Administracións signatarias, conscientes da ineludible necesidade de continuar traballando para a mellora da práctica deportiva na provincia de Ourense, satisfacendo así a demanda social existente, acordan subscribir o presente convenio que, en exercicio das competencias atribuídas a cada unha das partes, suxeitarase ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

É obxecto do presente Convenio establecer as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e a Deputación Provincial de Ourense a fin de completar as fases II, III e IV das obras previstas na zona acuática do complexo lúdico-deportivo de Monterrei, no Pereiro de Aguiar e que consisten en ampliar a instalación con novos vasos, tobogáns e elementos lúdico-deportivos.

SEGUNDA.- Compromisos das partes e financiamento

1.- **A Deputación de Provincial de Ourense** contrae a obriga de financiar as Fases II, III e IV das obras pendentes de executar na zona acuática do Complexo Lúdico-deportivo de Monterrei, segundo o proxecto básico e de execución contratado pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a Naos Arquitectos S.L.P de data 11.11.2021.

O importe total das actuacións a realizar ao abeiro deste convenio ascenden á cantidade de **3.583.991,12€, IVE incluído** que será asumido pola Deputación Provincial de Ourense e que financiará:

- A execución das obras segundo o proxecto de Naos Arquitectos S,L.P, debidamente actualizado no momento da licitación.
- Os custos dos honorarios de dirección de obra, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde.
- O Importe correspondente á liquidación final da obra e dos honorarios.

A Deputación Provincial de Ourense comprométese a asunción das obrigas económicas derivadas deste convenio polo importe de 3.583.991,12 €, que supón o 100% do orzamento total das actuacións obxecto deste convenio, con cargo ás partidas 2022/34111/75000; 2023/34111/75000 y 2024/34111/75000 do seu orzamento de gastos.

Os importes previstos para cada ano serán os seguintes:

Ano 2025(41,85%): 1.500.000,00€

Ano 2026(resto, ata o 100%): 2.083.991,12 €

Para estes efectos, previamente á sinatura do convenio, deberá remitir os correspondentes documentos de retención de crédito (RC) xunto coa certificación do órgano competente da Deputación de cumprimento destas obrigas con cargo ao orzamento do ano 2025.

A Deputación Provincial de Ourense efectuará os desembolsos económicos correspondentes ás actuacións obxecto do convenio, en favor da Xunta de Galicia, logo de asinados tanto o presente convenio como os correspondentes contratos de obras, dirección de obra, e coordinación de seguridade e saúde, e unha vez que lle sexa requirido pola Secretaría Xeral para o Deporte, sen que o dito importe supere o ritmo de execución dos contratos.

Non obstante, a cantidade sinalada no presente convenio de 3.583.991,12 €, IVE incluído, poderá verse modificada polas actualizacións que se formulen no proxecto de Naos Arquitectos SLP no momento das licitacións.

2.- A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, contrae, en virtude deste convenio, as seguintes obrigas:

- Levar a cabo, as actuación de contratación da execución das obras e dos honorarios correspondentes á dirección de obra, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde da obra sinaladas na cláusula primeira, a súa xestión ata a

finalización conforme aos proxectos aprobados, e formalizar os actos de recepción de conformidade co estipulado no artigo 243 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público.

As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as execucións de proxectos modificados, complementarios, revisións de prezos e proxectos de liquidación ata que as construcións merezan a plena conformidade da Secretaría Xeral para o Deporte, por producirse o acto formal de recepción.

- A explotación, mantemento e conservación das infraestruturas e instalacións, unha vez recepcionadas provisionalmente as obras.

TERCEIRA.- Administración contratante e titularidade das infraestruturas

As obras serán realizadas polo contratista que sexa seleccionado pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

As baixas que se poidan ir obtendo na adxudicación dos contratos de obra e servizos a executar no marco do presente convenio pola administración contratante serán destinadas ao financiamento dos posibles excesos que se produzan na execución das obras(proxectos reformados, complementarios, ou no seu caso, exceso de medicións, liquidacións, se as houbera).

En tódolos casos de contratación con terceiros, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes actuará, tanto na tramitación do procedemento de contratación como na execución do contrato administrativo, con suxeición ao establecido na normativa de contratos do sector público.

As infraestruturas e instalacións resultantes serán de titularidade da Xunta de Galicia.

CUARTA.- Visita das obras

As partes resérvanse o dereito a inspecciona-las obras previstas no presente convenio, durante a súa execución.

QUINTA.- Publicidade das obras

En tódalas obras que se executen no marco do presente Convenio fixarase un cartel informativo da súa natureza, con indicación expresa das Administracións Públicas que colaboran na súa execución.

O tratamento tipográfico identificativo das respectivas entidades e dos seus logotipos ou anagramas será idéntico.

Aos actos de inauguración ou posta en marcha das instalacións que se financien no marco do presente convenio asistirán os representantes oficiais designados polas administracións sinatarias, para o que se facilitará, con suficiente antelación, o día e hora da súa celebración.

En toda a información que se transmita aos medios de comunicación respecto deste convenio e das obras que conforme ao mesmo se levan a cabo farase indicación expresa das Administracións Públicas que colaboran no seu desenvolvemento.

SEXTA.- Vixencia e modificación do Convenio

A vixencia do presente convenio comezará ao día seguinte da súa sinatura e estenderase ata a sinatura da acta de recepción de obras, co límite máximo do 31 de decembro do ano 2026, salvo previa denuncia de calquera das partes ou prórroga que deberá formalizarse mediante addenda.

A denuncia, que requirirá o acordo previo do órgano competente da administración que a pretenda, surtirá efectos aos noventa días da súa presentación diante da comisión á que se refire a cláusula seguinte.

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio será causa bastante para á súa denuncia.

De acordo co artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, son causas de resolución do presente convenio:

- 1.- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se teña acordado a prórroga do mesmo.
- 2.-O acordo unánime de todos os asinantes.
- 3.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes. Neste caso, estarase ao disposto no artigo 51.2 c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro.
- 4.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 5.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

O presente convenio poderá ser modificado por mutuo acordo a través da subscrición da correspondente addenda modificativa, que deberá ser subscrita polas mesmas partes que asinan este convenio.

As causas polas que se pode modificar o presente convenio son:

1.-Por acordo unánime dos asinantes.

2.-De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade e sustentabilidade financeira.

SÉTIMA.- Comisión de seguimento e interpretación

Para o seguimento do grao de execución do presente convenio e a solución de controversias que a súa interpretación poida motivar, crearase unha Comisión integrada polos seguintes representantes das partes:

- Dous representantes da Secretaría Xeral para o Deporte, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
- Dous representantes da Deputación Provincial de Ourense.

As funcións da comisión de seguimento son:

Estudar as modificacións do convenio propostas polas partes, que se formalizarán a través das correspondentes addendas e informar sobre os acordos de modificacións ou variacións que poidan producirse na execución do proxecto para a súa aprobación, conforme as limitacións da normativa vixente que sexa de aplicación. Cando estas impliquen modificación do orzamento, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes non asumirá compromisos económicos.

En calquera caso, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á realización das obras obxecto do convenio, serán resoltas pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

OITAVA.- Protección de datos

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais

e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

NOVENA.- Lexislación de aplicación, natureza do convenio e xurisdición competente

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido nel e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e demais normativa de aplicación.

Especificamente, sobre as obrigas de información e publicidade estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Este convenio é de natureza administrativa e, consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

En proba de conformidade, asínase o presente convenio no lugar e data ó comezo indicados.

**Pola Consellería de Presidencia, Xustiza e
Deportes**

**Pola Deputación Provincial de
Ourense**

Diego Calvo Pouso

Luis Menor Pérez

ANEXO I

MODELO CARTEIS INFORMATIVOS MEDIDAS FORMATO ESTÁNDAR A1

OBRA REALIZADA EN COLABORACIÓN POR:



OBRA:(Nome da obra)

DIRECCIÓN FACULTATIVA: NOMES E APELIDOS

EMPRESA ADXUDICATARIA: NOME DA EMPRESA ADXUDICATARIA

ORZAMENTO: €

DATA DE INICIO: DD/MM/AAAA

PRAZO DE EXECUCIÓN: MESES

ANEXO II

MODELO DE CARTEL E PLACA EXPLICATIVA PERMANENTE EN METRACRILATO (50 cm x 30 cm)

ESPAZO PARA INSERIR A DENOMINACIÓN DO PROXECTO
SUBVENCIONADO

Orzamento:.....€